

Informe anual

CURSO 2018-2019

Memoria de actividades e económica da Anpa Castro Baxoi

Anpa Castro Baxoi

Tel. 682321886

As Marismas S/N
15630 Miño

correo@anpastrobaxoi.gal

Contido

Presidencia e Secretaría. WEB E RRSS _____	1
Tesourería. Balance de contas. Subvencións e convenios. _____	4
Comisión de Conciliación _____	10
Comisión de Extraescolares _____	12

Presidencia e Secretaría

Familias socias

No mes de xuño do 2019 tiñamos 236 familias asociadas. A día de hoxe son 260. O que se traduce en 24 novos socios. Mantivéronse os 20€ de cota anual para os socios e 18€ de matrícula por neno e actividade para todas as familias que participaron nunha ou varias actividades da ANPA: mañanceiros, comedor e extraescolares. Estas cotas inclúen o seguro de accidente.

Mantívose o teléfono e o correo electrónico como ferramentas de contacto cos asociados, ademais de ofrecer información actualizada en Facebook, Twitter, Instagram, a nova web da ANPA e a cristaleira da entrada do colexio. No pasado mes de setembro, retirouse o buzón no que se viñan deixando as altas e baixas dos servicios de madrugadores, comedor e extraescolares. Desta maneira, cada empresa será a única receptora deses documentos e se facilitarán xestións.

Relación co colexio e o concello

O longo do curso mantivéronse reunións coa dirección do centro. Ante calquera cuestión, sempre tivemos a facilidade de comunicarnos por teléfono e whatsapp. Así mesmo, tamén tivemos ocasión de falar co alcalde sobre as necesidades do centro.

Memoria de web y RRSS

PÁXINA WEB:

Está activo o funcionamento da web, a cal está deseñada baixo a plataforma de WordPress. Realizada nun formato tipo blog que utilízase para a sección de novidades, así mesmo contén páxinas fixas cos distintos servizos que ofrece a ANPA.

Está deseñada en dúas versións Castelán e Galego (Falta actualizar algunha información, proximamente estará completada).

Mantense a Dinahosting como empresa que aloxa o dominio da web.

REDES SOCIAIS (ÚLTIMO MES)

TWITTER:

Actualmente contamos con 40 Seguidores (15 máis con respecto ao curso pasado)

- Novos seguidores 15
- Tweets (Publicacións): 17






























- Impresións de Tweets (número de veces que os usuarios ven un tweet en Twitter) 2.163 máis dun 60% con respecto ao curso pasado.
- Interaccións con Tweets (número total de veces que un usuario interactuou cun tweet) 118 veces. Un 83,5% con respecto ao curso pasado.
- Visitas ao perfil 80 veces. Un 53,3% máis o curso pasado
- Gústame: 16
- Retweets: 12

FACEBOOK:

Actualmente contamos cunha audiencia de:

- Seguidores 475 (68 máis que o curso pasado). Dentro dos nosos seguidores un 74% son mulleres e un 26% son homes
- Gústame da páxina: 454 (50 máis que o curso pasado)
- Visitas á páxina: 469 (247 máis que o curso pasado)
- Interaccións coa páxina: 1.097
- Alcance da Páxina: 2.670 (640 máis que o curso pasado)
- En canto ás Impresións, Interaccións e Alcance das Publicacións temos:
- Imaxes e Estados: 14.148
- Vídeos: 43 (sobe un 16% con respecto ao curso pasado)
- Evento: tivo un alcance de 537 persoas e 17 respostas
- No último mes tivemos un alcance (número de persoas que viron algunha publicación da páxina) de 2663 persoas, subindo un 31% con respecto ao curso anterior.

Resumo de Alcance por publicación realizada

Publicaciones realizadas				+ Crear
<input type="text" value="Buscar..."/> <input type="button" value="Acciones"/>		<input type="button" value="◀"/> <input type="button" value="▶"/>		
<input type="checkbox"/>	Publicaciones	Alcance	Clics/acciones	Publicadas
<input type="checkbox"/>	 Convócase ás familias socias e ás nais e pais de alumnos do CPI Castro Baxoi á	317 	15 	10 oct 2019 a las 22:21
<input type="checkbox"/>	 Menú 1er. Trimestre. 2019/2020	258 	40 	9 oct 2019 a las 16:49
<input type="checkbox"/>	 	378 	80 	1 oct 2019 a las 13:01
<input type="checkbox"/>	 	605 	63 	28 sep 2019 a las 11:52
<input type="checkbox"/>	 Animate! Aún tienes tiempo para inscribirte!	628 	24 	26 sep 2019 a las 12:17
<input type="checkbox"/>	 Cerrado el grupo de Cocina   	490 	26 	26 sep 2019 a las 11:03
<input type="checkbox"/>	 Aún tenemos plaza, no te quedes sin ella! Últimos días de inscripción! 	653 	24 	26 sep 2019 a las 01:16
<input type="checkbox"/>	 ANPA MIÑO Castro Baxoi agregó un evento.	171 	0 	25 sep 2019 a las 01:12

INSTAGRAM:

Creouse o perfil no curso 2018/2019.

- Publicacións: 68
- Seguidores: 159
- Seguidos: 78
- Alcance das publicacións: 114
- Impresións: 452
- Crecemento: 4 seguidores máis con respecto ao mes pasado
- Audiencia: 78% mulleres e 22% homes.

Tesourería. Balance de contas. Subvencións e convenios.

(DENDE O 1 DE SETEMBRO DO 2018 AO 31 DE AGOSTO DO 2019)

Estado de contas. Saldo actual: 18323,47 €

Principais ingresos do curso 2018/19

Cotas de Socios	4820€
Matrículas	162€
Subv. Comedor da Xunta de Galicia do curso 2017/18 (repartida entre os usuarios). Foi ingresado o 30/11/18 pero comezou a repartirse a finais de febreiro, cando Jardanay enviounos a parte económica de cada usuario	3311.52€
Convenio Concello de Miño do 2018, ingresado o 14/2/19	2000€
Subv. Deputación da Coruña Actividades Culturais do 2018, ingresado o (22/2/19)	1996.85€
Doazóns Proxecto Salvavidas (destinadas á compra e mantemento do desfibrilador)	4844.56€

Principais gastos do curso 2018/19

Teléfono móbil	241.45€
Conciliación reunións e Actividades da ANPA	497€
Material Oficina (inclúe fotocopias e cartelería)	481.55€
Cota anual Federación de ANPAS (10/5/19)	100€
Póliza de seguros (19/11/18)	769.96€
Folla Sotelo Pablo, asesoría trimestral	127.20€
Dinahosting, renovación do dominio gal e hosting	109.90€

profesional Linux (25/11/19)	
Modelo 111	68.85€
Obradoiros navideños no “Centro de Ocio Infantil Parchís”	399.30
Actividade tempo de lecer	365.50€
Doazón ao colexio C.P.I. Castro Baxoi o 19/2/19 para excursión 4º E.S.O	400€
Material campionato de ludo (2/6/19)	11€
Placas homenaxe torneo de Fútbol solidario	90€
Obradoiro Conciliación Parchís	90.75€
Vinilos Comedor	77.74€
Gastos en alimentación Actividades ANPA	161.13€
Pintura Comedor	105.95€
Tasas modificación Xunta Directiva	7.62€
Percheiro Comedor	14.99€

Información de interese:

O Concello de Miño doou 400 euros para o Torneo de ludo realizado o 2/6/19 no Pavillón Municipal de Miño.

O A.D. Miño, celebrou un partido de fútbol solidario o 20 de Abril. Doou 1310.10 euros recadados coa venta das entradas e rifas para a compra e mantemento do DESA.

Eroski doou un xamón para o partido solidario, 300 boliños, bebibles, augas e bolsas para as merendas da festa de fin de curso, así como bandexas e manteles para outros eventos.

Dos establecementos colaboradores (Supermercado Día, Mercería Capitol, Zapatero Zocas, Churrería Bello, Bodegón, Pizzería Miño, Carboeira, Casa Menguxo, Farmacia Ríos,

Farmacia Vilarmaior, Librería Pilar, Peluquería Montse e Quercus Café) e familias recadáronse 3534.46 euros para a compra do DESA.

Solicitáronse 4 subvencións, un convenio e un espectáculo pertencente á Rede Cultural da Deputación da Coruña:

- Subvención para Actividades Culturais da Deputación da Coruña; concedida definitivamente o 23/7/19. Son 2338.64 euros pendentes de ingresar.
- Subvención para Investimentos Culturais da Deputación da Coruña; aprobada definitivamente o 15/7/19. Son 2008.88 euros ingresados en conta.
- Axudas destinadas ás ANPAS que xestionan servizos de comedor do curso 2018/19; aprobada o 9/9/19. Son 3522.24 euros pendentes de ingresar.
- Subvención para a realización de Actividades de Promoción da Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero; concedida o 20/9/19. Son 500 euros pendentes de ingresar..
- Espectáculo da Rede Cultural da Deputación da Coruña; “Maxia Total; concedida e realizado o 17/5/19.
- Solicitada a firma co Concello de Miño para o cobro anual do Convenio de colaboración o 23 /9/19.

Despois da compra do desfibrilador, 1154.56 euros sobrantes de doazóns quedarán para o mantemento anual deste.

PRINCIPAIS GASTOS SUBVENCIONADOS DO 2019

Espectáculo “Maxia Total”, subvencionado pola Rede Cultural da Deputación da Coruña. Aportado pola ANPA	131.10€
---	---------

Actividades Culturais subvencionadas pola Deputación da Coruña no 2019:

Contacontos “Coeducados” polo día internacional da Muller	175.75€
Actividade Pedagóxica Familiar relacionada coa primavera	380€
Obradoiro Alimentación Saúdale	399.30€
Actividade Pedagóxica relacionada co Día do Libro (Parchís)	180€
Actividade de Educación Medioambiental en Familia (Eumenatura)	855.47€
Concerto didáctico do Samaín.(Pendente de realizar en Novembro)	O seu custo incluírase no gasto do próximo curso 2020/21.

Investimentos subvencionados pola Deputación da Coruña no 2019:

Computador e rato	660€
Armario auxiliar	326.70€
Armario principal	968€
Mesas	1559.71€
Teléfono móbil	181.90€
Guillotina	22.99€

Facturas de setembro, outubro, novembro e decembro do 2018 subvencionados polo convenio de colaboración co Concello de Miño: SÓ DO 2018, NON DO CURSO 2018/19, **o convenio subvenciona os gastos da ANPA por ano, non por curso:**

Teléfono móbil	83.96€
Material Oficina	7.10€
Conciliación reunións ANPA	185€
Seguro de accidentes	769.96€
Folla Sotelo Pablo, asesoría trimestral	31.80€
Dinahosting, renovación do dominio gal e renovación de hosting profesional Linux	109.90€

DESFIBRILADOR

Como asociación preocupámonos dende sempre o benestar dos nenos e nenas do centro.

Tras a experiencia do ano anterior co taller de Miñoauxilia e vistas varias publicacións de asociacións que equipaban as súas instalacións con desfibriladores semiautomáticos, decidímonos a consultar a iniciativa coa daquela directora do centro. Co seu beneplácito puxemos en marcha o proxecto.

Consultados varios presupostos e posto que isto supoñía un importante desembolso para a asociación consultamos o proxecto salvavidas que consistía na recadación de fondos para poder compralo.

Así foi que puxemos en marcha unha recadación de donativos, Proyecto Salvavidas, e a cambio de cada 3€ de donativo regalamos unha pulseira conmemorativa da campaña, para incentivalos.

A primeira fase de recollida fíxose no propio centro, para implicar aos nenos e nenas no proxecto, e dar a coñecer as nosas intencións a toda a comunidade educativa en primeiro lugar.

A seguinte fase de recollida fíxose a través de locais colaboradores no pobo de Miño, colaboradores voluntarios e que se encargaban da recollida de donativos e de entregar unha pulseira por cada 3€ recibidos.

E para finalizar a recollida, e a proposta da asociación deportiva Miño, organizouse un campionato de fútbol, no que os cartos recadados coas entradas e venta de rifas foi doado pola asociación deportiva Miño ao noso proxecto de dotar ao C.P.I. Castro Baxoi dun desfibrilador semiautomático, a cambio nós encargámonos da recadación dos produtos para rifar e da compra de trofeos e figuras conmemorativas para os participantes desinteresados do evento.

Como resultado de todo obtivemos os fondos necesarios para mercar o desfibrilador con todos os complementos esixidos pola lexislación vixente, ademais de dous cursiños de formación en primeiros auxilios e na utilización do desfibrilador, para 12 persoas, aos que asistiron voluntarios de entre os traballadores do centro C.P.I. Castro Baxoi, e aínda sobraron algúns fondos, especificados na parte de tesourería desta mesma memoria, que serán destinados para o mantemento do desfibrilador en anos sucesivos.



Comisión de Conciliación

Os servizos de conciliación do CPI Castro Baxoi están xestionados por esta ANPA, dispoñemos de servizo de mañanceiros e de servizo de comedor, ambos ofrecidos por empresas privadas e externas ao colexio.

MAÑANCEIROS:

Este servizo ofrécese na aula habilitada para tal fin na pranta baixa do centro, en horario de 7:30 a 9h da mañá, e nas modalidades de fixo, fixo descontínuo e esporádico, e con posibilidade de facelo con almorzo ou sen el. Alicerce Eventos S.L é a empresa que presta o servizo e para iso conta con dúas monitoras. Durante o curso 2018/2019 a media de usuarios do servizo foi de 39, 27 na modalidade fixa e 12 na esporádica.

COMEDOR:

Este servizo ofrécese na aula habilitada para tal fin na pranta baixa do centro, en horario de 13:50 a 16h; nas modalidades de fixo, fixo descontínuo e esporádico. Jardanay é a empresa que presta este servizo e para iso conta con cinco monitores/as.

Durante o curso 2018/2019 a media de usuarios de comedor foi de 90 (habendo unha grande variabilidade dependendo dos días).

Mantívose a estrutura organizativa do ano pasado posto que de momento obsérvase un correcto funcionamento.

INVESTIMENTOS:

Co ánimo de mellorar as condicións nas que se prestan estes servizos e para maior comodidade das nenas e nenos, fixemos varios investimentos neste curso.

Compra de novas mesas, máis amplas e de diferentes alturas para adecualas ás idades dos nenos e nenas de primaria e secundaria, e poder aproveitar mellor o espazo dispoñible. Quedan así completamente renovadas todas as mesas dos usuarios, posto que as de infantil cambiáronse fai un ano.



Remodelación dun armario localizado no exterior do comedor, prestado polo centro á ANPA, para poder deixar no seu interior os abrigos, mochilas e demais pertenzas dos usuarios, de maneira que non teñan que quedar tirados no chan do patio.



(Antes)



(Agora)

Colocación dun novo armario, feito á medida, para todos os utensilios propios dos servizos do comedor e mañanceiros, por deterioro do anterior, e aproveitando mellor o espazo dispoñible.



Colocación de vinilos decorativos, para facer máis acolledor sobre todo a área destinada aos usuarios de infantil.



Comisión de Extraescolares

No seguinte cadro, expóñense as actividades extraescolares que se ofertaron no curso 2018/2019:

ACTIVIDADES PROPOSTAS 2018/2019	DENDE 16:00 ÁS 17:00	DENDE 17:00 ÁS 18:00	DENDE 18:00 ÁS 19:00
LUNS	AXEDREZ		
	BALLET		
	PINTURA (ÁS 17:30)		
MARTES	IUDO		
	GUIARRA SECUNDARIA		
		DANZA MODERNO/ ZUMBA	
	COMBO MUSICAL (A 17:30)		
	MÚSICA E MOVEMENTO	MÚSICA E MOVEMENTO	
MÉRCORES	MÚSICA E MOVEMENTO		
	ATLETISMO		
	GUIARRA		
			VOLEIBOL
XOVES	IUDO		
	AXEDREZ SECUNDARIA		
	OBRADOIRO ARTES PLÁSTICAS		
	NENOS FELICES		
	TÉCNICAS DE ESTUDO (3º PRIMARIA E SECUNDARIA)	TÉCNICAS DE ESTUDO (3º PRIMARIA E SECUNDARIA)	
		IOGA	
VERNES	BALONCESTO		
	BALONMÁN		
		AUTODEFENSA SECUNDARIA	
	NOVAS TECNOLOXÍAS/ ROBÓTICA		

Prazas	ACTIVIDADES	Periodicidade semanal	Observacións	Prezo
20	BALLET	LUNS 16:00-15:00	5-11 ANOS	10,00 €
20	XADREZ	LUNS 16:00-18:00	A PARTIR 6 ANOS	15,00€
12	PINTURA	LUNS 16:00-17:30	7-14 ANOS	18,00 €
40	IUDO	MARTES-XOVES 16:00-17:00	A PARTIR DE 3 ANOS	2 DIAS-15,00€
				1 DIA-10,00 €
20	BAILE MODERNO / ZUMBA	MARTES 17:00-18:00	A PARTIR DE 3 ANOS	10,00 €
16	COMBO MUSICAL	MARTES 16:00- 17:30	A PARTIR DE 8 ANOS	SEN ACHEGAS
10	MÚSICA E MOVEMENTO	MARTES 16:00-17:00	4 E 5 ANOS	15,00 €
10	MÚSICA E MOVEMENTO "EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL"	MARTES 17:00-18:00	6-7 ANOS	15,00 €
15	GUIARRA SECUNDARIA	MARTES 16:00-17:00	12-16 ANOS	15,00 €
8	MÚSICA E MOVEMENTO	MÉRCORES 16:00-17:00	3 ANOS	15,00 €
20	ATLETISMO	MÉRCORES 16:00-17:00	5-11 ANOS	10,00 €
15	GUIARRA	MÉRCORES 16:00-17:00	6-11 ANOS	10,00 €
20	VOLEIBOL	MÉRCORES 18:00-19:00	6-16 ANOS	10,00 €
20	XADREZ SECUNDARIA	XOVES 16:00-18:00	12-16 ANOS	15,00€
12	OBRADOIRO ARTES PLÁSTICAS	XOVES 16:00 -18:00	6-11 ANOS	15,00 €
12	NENOS FELICES	XOVES 16:00-17:00	3-11 ANOS	22,00 €
12	TÉCNICAS DE ESTUDO 3CICLO PRIMARIA E SECUNDARIA	XOVES 17:00-18:00	16:00– 17:00	10,00 €
			10-11 ANOS	
12			12-16 ANOS	12,00 €
12	IOGA	XOVES 17:00-18:00	12-16 ANOS	22,00€
20	BALONCESTO	VENRES 16:00– 17:00	6-16 ANOS	10,00 €
20	BALONMÁN	VENRES 16:00-17:00	6-16 ANOS	10,00 €

20	DEFENSA PERSOAL SECUNDARIA	VENRES 17:00-18:00	12-16 ANOS	12,00 €
15	NOVAS TECNOLOXÍAS/ ROBÓTICA	VENRES 16:00-18:00	6-11 ANOS	45,00€

Das actividades propostas, non se formou grupo, por falta de inscricións, nas seguintes actividades:

- Voleibol
- Robótica
- Autodefensa
- Pintura
- Xadrez secundaria
- Balonman
- Ioga
- Técnicas de estudo
- Guitarra secundaria

A actividade de “**Combo Musical**”, foi xestionada pola ANPA, impartida de maneira gratuíta por un profesor do colexio cun total de 8 alumnos.

O resto das actividades foron xestionadas a través da empresa “ Sedega” coa seguinte participación por actividade:

- IUDO 38 acabou con 37
- ATLETISMO (Club Atletismo Sada) 27
- BALLET 22
- BAILE MODERNO 19 acabou con 17
- BALONCESTO 18 acabou con 14
- ARTES PLÁSTICAS -13 acabou con 12
- MÚSICA 12

- XADREZ 11 acabou con 10
- GUITARRA 9 acabou con 2
- NENOS FELICES 6 acabou con 8

Ao longo do curso organizáronse xornadas de portas abertas en todas as actividades, exposición de traballos (no caso de artes plásticas) e unha exhibición no pavillón ao finalizar o curso.

Organizamos e fomentamos a participación en actividades culturais e gratuítas para os nosos socios como:

- Samaín: 9 de Novembro, no centro social de Bemantes, con merenda, onde se realizaron contacontos e diversos talleres realizados con temática da cultura do Samaín, dirixida por “Galilandia”.
- Taller manualidades do Nadal: 27 de Decembro no centro de lecer Parchís, de 17 ás 20 horas.
- Contacontos “ Coeducados”: 23 de Febreiro, ás 18 horas, a cargo de “ Caxoto”, pola igualdade de xénero. Tivo lugar no auditorio municipal da Rúa.
- Obradoiro de Alimentación saudable: 24 e 28 de Febreiro, de 17:30 ás 19:30, dirixido aos adultos para educar en benestar alimenticio para evitar problemas de alimentación e sobrepeso, tan á orde do día.
- Festa da primavera: sábado 23 de Marzo, de 17 ás 20 horas a cargo de “A Guagua” realizando cantabaila, manualidades relacionadas coa primavera e inchable.
- “ Bo uso de móbiles, redes sociais e videoxogos”: 4 de Abril de 17 ás 20 horas, dirixido aos adultos do centro escolar, dirixido por Raúl Ordoñez.
- Festa do Libro: 23 de Abril de 17 ás 20 horas, realizada en Parchís centro de lecer, con merenda gratuíta, onde se realizaron manualidades relacionadas coa lectura.
- “ Maxia Total”: 17 de Maio ás 17 horas, levada a cabo polo mago Benxamín, onde se realizaron algúns trucos de maxia facendo partícipes aos nenos a través da rede cultural da Deputación.
- MiñoAuxilia II: 25 de Maio de 10 ás 13 horas, no Pavillón Municipal, dirixido a todos os nenos do centro educativo, para a realización de RCP, co que poder salvar vidas.

- I Torneo Judo ANPA Castro Baxoi: 1 Xuño, dende as 10 da mañá, convivencia de participantes da actividade de iudo, onde acudiron varios centros dentro do grupo de Ferrolterra e acudiron sub 9, sub 11 e un adestramento infantil ás 12 da mañá do mesmo día.
- Eumenatura: 9 Xuño de 10 ás 18 horas, con 71 persoas, consta dunha convivencia coas familias nun espazo natural, con roteiro de sendeirismo adaptada aos máis pequenos, xogos populares, inchables, monitores, campo de obstáculos...
- Exhibición actividades fin de curso: 18 de Xuño de 17 ás 19 horas, no pavillón municipal, onde se expuxeron as actividades de zumba, baloncesto, ballet e iudo entre outras.
- Festa fin de curso: 20 de Xuño, de 17 ás 19:30 horas, onde contamos con talleres de manualidades, de pintura e de realización de diversas frautas, así como inchables.

Propúxose un Campamento deportivo dirixido aos nenos de pais traballadores, que necesitaban conciliación entre fin de curso e o inicio do campamento levado a cabo polo Concello, do 24 ao 28 de Xuño, con dous horarios opcionais, de 7:30 a 9 para madrugadores e de 14 a 16 para comedor, sendo estes dous servizos opcionais. A actividade solicitaba un mínimo de 10 participantes e non se levou a cabo por falta de inscricións.

Ademais levouse a cabo o “Proxecto Salvavidas” por un espazo cardiovascular protexido no noso colexio, onde se ofrecían pulseiras por una doazón de 3€ para conseguir o desfibrilador e o A.D. Miño participou levando a cabo dous partidos solidarios para a causa, o 20 de Abril, onde se enfrontaron A.D. Miño contra Eume Deportivo ás 18 horas e A.D. Miño veteranos contra Bemantes café Quercus veteranos ás 19:30, doando o importe das entradas e dos sorteos que levaron a cabo, tanto por parte da Asociación Deportiva como de artigos doados por particulares de maneira altruísta.

No Nadal realizamos unha recollida de xoguetes que se doaron posteriormente á “Cruz Bermella” de Betanzos.

O curso pasado comezou con 183 inscricións en extraescolares, e neste ano xa temos 208. O que supón un incremento dun 13%.